RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Marta María Rouco Seoane (1 para 2)
Alcaldesa da Corporación
Data de Sinatura: 30/10/2026
HASH: 0fb1a0ec5970d7de59c695d553c9a0e3

Sello de Órgano de Secretaría (2 para 2)
Concello de Vilalba
Data de Sinatura: 30/10/2026
HASH: 997b1cf64b4f5911f1a76523c69af45e

Expediente núm./ Expediente nº: 5095/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen
Procedemento/ Procedimiento: Festas (Planificación, Organización ou Celebración)/ Fiestas (Planificación, Organización o Celebración)
Asunto do Expediente/ Asunto del Expediente: Mercado de Nadal 2026

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

PRIMEIRO: Visto o interese da concelleira de Deportes, Feiras, Mercados, Educación, Infancia e Mocidade, dona Paula Vigo Lamas en organizar o II Mercado de Nadal coa finalidade de dinamizar a actividade comercial e artesanal do municipio, fomentar o comercio local e ofrecer á cidadanía un espazo de encontro e participación.

SEGUNDO: Para regular a organización e o funcionamento do mercado, así como as condicións de participación e os requisitos esixibles as persoas interesadas redactáronse e presentaron as bases reguladoras que han de rexer o II Mercado de Nadal do Concello de Vilalba de 2026.

TERCEIRO: Vista a necesidade de facer públicas as bases que rexen este II Mercado de Nadal.

Vista a proposta de resolución PR/2026/2133 de 29 de outubro de 2026./ Vista la propuesta de resolución PR/2026/2133 de 29 de octubre de 2026.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026

Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas e de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, resolvo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a participación no II Mercado de Nadal do Concello de Vilalba do ano 2026, que se incorporan como anexo á presente resolución e que rexerán a organización e funcionamento do mesmo.

SEGUNDO: Publicar o texto íntegro das bases reguladoras na Sede electrónica do Concello para dar coñecemento das mesas a fin de garantir a súa publicidade e permitir a presentación de solicitudes polas persoas interesadas dentro do prazo establecido.

TERCEIRO: Incorporar esta resolución ao Libro de Resolucións da Alcaldía e dar conta dela ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcrición ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026

Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8

BASES DO
II MERCADO DE NADAL DO CONCELLO DE VILALBA
(28 e 29 de novembro de 2026)

PRIMEIRA. OBXECTO.

Para tratar de dinamizar a Praza de Santa María e arredores durante os días de feira, o Concello de Vilalba ten prevista a realización de actividades ao longo de todo o ano coincidindo coa feira mensual. Para o mes de novembro, e dada a proximidade das festas de nadal, o Concello ten prevista a realización dun mercado de nadal na Praza de Santa María, os días 28 e 29 de novembro de 2026, con diversos postos destinados á venda de produtos de nadal, artigos artesanais e de agasallo, etc.

As presentes bases teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación das persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria, que soliciten e resulten beneficiarias da participación na II edición do Mercado de Nadal 2026, organizada polo Concello de Vilalba.

SEGUNDA. LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS

1.- O Mercado de Nadal 2026, celebrarase os días 28 e 29 de novembro de 2026.
2.- Emprazamento: Praza de Santa María (Vilalba)
3.- Contactos organización: feiras@vilalba.es
4.- A difusión pública para a solicitude dos postos será a través da propia páxina web do concello *www.vilalba.gal.*
5.- A organización editará a publicidade precisa da feira para a súa difusión, podendo programar actividades complementarias para un maior reclamo de asistentes e participantes.
6.- O horario de apertura dos postos será, ámbolos dous días, de 10:00 a 14:00 e 17:00 a 20:00, sendo obrigatorio manter o posto aberto nas datas e horario de apertura ao público indicadas.
7.- Non se permitirá vender ningún produto distinto dos que consten na solicitude. Será responsabilidade do/da vendedor/a a calidade, composición, elaboración e prezo dos artigos de venda.
8.- A organización facilitará un posto de venta a cada participante.
9.- Ningún posto poderá ser cambiado do lugar asignado pola Organización sen consentimento previo.
10.- O Concello de Vilalba ten dereito a fotografar, debuxar ou filmar as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web do concello e na prensa.
11.- Non se permitirá máis música ambiental ca da organización.

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8

12.- Se por circunstancias de forza maior, o Concello de Vilalba se vira obrigado tanto antes como no transcurso do mercado, a suspender a súa celebración, a suspensión será sen dereito por parte dos/as expositores/as admitidos/as a indemnización de tipo algún.

TERCEIRA: PARTICIPANTES E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Poderán presentar solicitude participación no Mercado de Nadal os profesionais legalmente constituídos que acrediten o desenvolvemento dunha actividade económica relacionada coa temática deste mercado, para o Nadal.

Estarán dispoñibles a efectos desta convocatoria e exclusivamente no período temporal determinado para a mercado, 7 stands consistentes en casetas de madeira decoradas. Poderán participar individualmente ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude achegando a documentación de cada participante. No suposto de participación conxunta, o stand poderase compartir por un máximo de dous participantes.

Correrán a cargo dos vendedores/as os gastos de traslado, carga e descarga da mercadoría, así como a responsabilidade da mesma e os danos que esta puidese sufrir.

Os vendedores deberán cumprir coas normas autonómicas e estatais que lles sexan de aplicación.

A descarga da mercadoría para repoñer deberá ser fóra do horario de apertura do mercado e interferindo o menos posible no desenvolvemento deste.

CUARTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en participar deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba ou por correo electrónico a seguinte dirección: feiras@vilalba.es Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo ou realizadas de forma diferente á designada.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día da publicación das bases na páxina web do concello, rematando o día **22 de novembro de 2026.**

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude, debidamente cumprimentada (Documento anexo).
- Fotocopia N.I.F. do solicitante ou C.I.F. da empresa.
- Fotocopia de estar dado de alta no Imposto de actividades económicas

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8

(Vixente).
● Copia do último recibo de pago da cota de autónomos ou correspondente réxime da seguridade social.
● Memoria explicativa da empresa e fotografías recentes dos produtos a vender.

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

QUINTA: SELECCIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DOS POSTOS

As solicitudes de participación que cumpran cos requisitos nomeados nos anteriores apartados serán avaliadas por unha Comisión de selección, e que seleccionará os participantes adxudicatarios dos postos que finalmente estarán presentes no evento.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

- Paula Vigo – Concelleira de Feiras do Concello de Vilalba
- Sonia Garcia – Técnica de Cultura do Concello de Vilalba
- Mauro Chico – Técnico de Administración do Concello de Vilalba

A selección farase tendo en conta os seguintes criterios:

- O produto de venda e as súas características.
- Evitar a excesiva reiteración dun mesmo produto nos diferentes postos, representando o maior número posible de disciplinas.
- Traxectoria profesional.
- Calquera outro criterio que se considere interesante para o bo desenvolvemento da actividade.
- A Comisión de selección priorizará as solicitudes de vendedores/as e produtores/as de Vilalba e a Comarca, sempre que se axusten aos criterios de adxudicación expostos anteriormente nestas bases.

A Comisión rexeitará as candidaturas que non se axusten aos obxectivos do evento ou que, por calquera motivo, sexan incompatibles co mesmo.

A decisión da Comisión non será susceptible de recurso.

Con base nos criterios expostos, a Comisión proporá a listaxe de adxudicatarios seleccionados e listaxe de suplentes. Esta resolución farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requirimento, a través da páxina web .

No caso de que algún/a adxudicatario-a seleccionado//a non poida participar, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello o correspondente escrito de renuncia, no prazo de dous días naturais seguinte ó da publicación da resolución final. En caso de renuncia, cubrirase a vacante con algún dos suplentes, que mellor se axeiten aos criterios de selección antes expostos.

A distribución e localización de cada posto de venda será competencia exclusiva da organización, axustándose ao espazo dispoñible para a realización do mercado a e tendo en conta as diferentes disciplinas, para que a sua distribución ao longo da mostra sexa o máis diversificada posible

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

SEXTA. ACEPTACIÓN DAS BASES

O envío da solicitude implica a aceptación de todas as cláusulas redactadas neste documento. O incumprimento de calquera dos artigos anteriores por parte das persoas participantes poderá supoñer a expulsión inmediata do Mercado en calquera dos días que se desenvolve, así mesmo correrán por conta do vendedor/a todos os danos que se ocasionen en instalacións e vía pública.

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026

Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

FICHA INSCRICIÓN
II MERCADO DE NADAL CONCELLO DE VILALBA

(TODOS OS CAMPOS DEBERÁN SER CUBERTOS CON LETRAS MAIÚSCULAS E CON CLARIDADE)

NOME DO VENDEDOR:		
DIRECCIÓN:		
PROVINCIA:		**POBOACIÓN:**
NIF / CIF:		**MÓBIL:**
MÓBIL 2:		**FIXO:**
CORREO ELECTRÓNICO:		
PRODUTOS QUE VENDERÁ:		
ACCESO Á LUZ	**SI** ☐	**NON** ☐
COMPARTE POSTO	**SI** ☐	**NON** ☐
EN CASO DE COMPARTIR POSTO, DEBEN CUMPRIMENTARSE OS SEGUINTES CAMPOS:		
NOME DO 2º VENDEDOR:		
DIRECCIÓN:		
PROVINCIA:		**POBOACIÓN:**
NIF / CIF:		**MÓBIL:**
MÓBIL 2:		**FIXO:**
CORREO ELECTRÓNICO:		
PRODUTOS QUE VENDERÁ:		
ACCESO Á LUZ	**SI** ☐	**NON** ☐

DECRETOS
Número: 2026-1408 Data: 30/10/2026

Cod. Validación: CMTA92Y3PSZMP3QRQPF3CRKJC
Corrección: https://vilalba.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8